

ANEXO 8: PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. DETERMINACIÓN DAS ACTIVIDADES.....	3
2.1 Camiño.....	3
2.2 Monte.....	3
2.3 Río e pasos de pedra.....	4
2.4 Vexetación de ribeira.....	4
2.5 Colocación de mobiliario.....	4
2.6 Eliminación de residuos.....	4
2.7 Casa e muíño.....	4
3. CALENDARIO DE ACTUACIÓNS.....	5

1. INTRODUCCIÓN.

Con este anexo preténdese determinar, ordear e programar as distintas actividades que conducen a realización do proxecto de maneira que a duración total das obras sexa a menor posible e se realice o mellor aproveitamento dos equipos.

Para a programación supoñemos meses de 22 días laborables. Con xornais de 8 horas diarias.

2. DETERMINACIÓN DAS ACTIVIDADES.

A continuación se indican os medios (man de obra e maquinaria) implicados na execución das actividades, así como a duración estimada a partir dos rendementos de cada unha. As actividades van separadas por unidades de paisaxe.

2.1 Camiño.

Roza.

Roza manual non selectiva de matogueira leñosa (292 m²) de menos de 2 m de altura con motodesbrozadora, terreno de < 35% de pendente, e o 75-100 % de superficie cuberta. Inclúe recollida e apilado de residuos. Rendemento=8 h/1000m².

$8 \text{ h}/1000\text{m}^2 \times 292\text{m}^2 = 2,33 \text{ horas} = \mathbf{1 \text{ xornal}}$.

2.2 Monte

Roza.

Roza manual selectiva de matogueira leñosa (5.499 m²) de menos de 2 m de altura con motodesbrozadora, terreno de < 35% de pendente, e o 75 % de superficie cuberta. Inclúe recollida e apilado de residuos. Rendemento=8 h/1000m².

$8 \text{ h}/1000\text{m}^2 \times 5.499\text{m}^2 = 43,99 \text{ horas}/8 \text{ horas} = 5,5 = \mathbf{6 \text{ xornais}}$.

Clareo

Clareo de masa (5.499 m²- 0,55 ha) intensidade 15 -30% dos con densidades de 1500-2000 pés /ha. Pendente menor do 35%. Pés de diámetro menor a 20 cm, con motoserra: 0,125 horas por pé , incluído tronzado e apilado.

$2.000 \text{ pés}/\text{ha} \times 0,55\text{ha} = 1100 \text{ pés} (30\%) = 330 \text{ pés que se extraen} \times 0,125 \text{ h}/\text{pé} = 41,25 \text{ horas} /8\text{h} = \mathbf{5 \text{ xornais}}$

2.3 Rio e pasos de pedra.

Limpeza do cauce

Limpeza de residuos forestais no cauce, 0,015 horas de retroexcavadora por metro cúbico. Supoñendo un calado medio de 1 m , serían 253,87 m³.

$0,015 \text{ h/ m}^3 \times 253,87 \text{ m}^3 = 3,8 \text{ horas} = \mathbf{1 \text{ xornal}}$.

2.4 Vexetación de ribeira.

Poda manual

Poda de saneamento manual de árbores con ramas rotas por temporal con motoserpa (15 árbores), incluído apilado de restos. Rendemento de 0,30 horas por pé.

$0,30 \text{ h/ pé} \times 15 \text{ pés} = 4,5 \text{ horas} = \mathbf{1 \text{ xornal}}$.

Apertura de ocos.

Apertura manual de ocos de dimensións 40×40×40 cm con aixada para plantacións de especies forestais en solo compacto con pte < 35 %. Fanse 36 ocos. Con un rendemento de 85 h/1000 ocos.

$85\text{h}/1000 \text{ ocos} \times 36 \text{ ocos} = 3 \text{ horas} = \mathbf{1 \text{ xornal}}$

Plantación

Plantación manual de planta a raíz núa con aixada (36 exemplares). Previamente preparado e con pte<35%, incluído un lixeiro aporcado. Rendemento de 32 horas/1000 plantas:

$32\text{h}/1.000 \text{ plantas} \times 36 \text{ plantas} = 1,15 \text{ horas} = \mathbf{1 \text{ xornal}}$.

2.5 Colocación de mobiliario

As mesas serán colocadas en **1 xornal**.

2.6 Eliminación dos residuos mediante astillado.

Astillado de residuos con astilladora conectada a toma de forza de tractor: 1 tonelada/hora. Astillado de todo o material en **1 xornada**.

2.7 Casa e muíño.

Non se dispoñen rendementos para a limpeza e estabilización de fachadas e cubertas, estímase en **8 xornais**.

Tendo en conta o anterior mencionado a duración dos traballos será:

Táboa 1. Duración dos traballos

Roza camiño	2,33 horas	1 día
Roza monte	5,5 días	6 días
Clareo monte	5 días	5 días
Apertura de ocos	3 horas	1 día
Plantación	1,15 horas	1 día
Limpeza rio	3,8 horas	1 día
Limpeza fachadas casa e muíño	5 días	8 días
Astillado residuos	1 día	1 día
Colocación mobiliario	1 día	1 día

3. CALENDARIO DE ACTUACIÓN.

O tratarse dunha obra de pequena envergadura os traballos realizaranse graduadamente. A planificación das actuacións ven descrita no punto nº 7 da memoria. Tendo en conta isto, o calendario de actuacións será o seguinte.

Táboa 2: calendario de actuacións.

Actividade	Data de inicio	Data de finalización
Limpeza do río	24 de xaneiro de 2014	24 de xaneiro de 2014
Clareo da masa	27 de xaneiro de 2.014	31 de xaneiro de 2.014
Roza do camiño e da zona de monte	3 de febreiro de 2.014	10 de febreiro de 2014
Apertura de ocos	11 de febreiro de 2.014	11 de febreiro de 2.014
Limpeza e acondicionamento da fachada	12 de febreiro de 2.014	21 de febreiro de 2.012
Colocación de mobiliario	24 de febreiro de 2.014	24 de febreiro de 2.014
Plantación	25 de febreiro de 2.014	25 de febreiro de 2.014
Eliminación dos residuos por astillado	25 de febreiro de 2.014	25 de febreiro de 2.014